

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de xullo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Primeiro Tenente de Alcaldesa, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno -por suplencia do Vicesecretario accidental- don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DA ALCALDÍA

1. PROTOCOLO.- Aprobouse o Plan de Medios que enmarcará as campañas informativas institucionais do Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Aprobouse o Plan Estratéxico Biodinámico no seo do proxecto, cofinanciado pola Unión Europea, LIFE14 CCA/ES/000489: Lugo+Biodinámico, Planificación dun Barrio Multiecolóxico como modelo de resiliencia urbana.

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobáronse as licenzas para contrución de edificio de vivendas na rúa San Roque, 147-149. Expte: 2021/Y001/000160; para construción de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural 39.3 Nadela-Seoane-Airexe-Pena, Parroquia de Pena. Expte: 2020/Y001/000312; para segregación de dúas naves industriais existentes con licenzas 149/81 e 844/05 e división material das mesmas, na rúa da Industria, números 87-88. (Expte: 2022/Y001/000098) e para demolición de edificación existente sita na rúa San Xillao, número 21. (Expte:2022/Y001/000008).

Denegouse a licenza para modificación de ocos de fachada e modificación de carpintería en alzado principal e traseiro, como modificación da licenza de cambio de uso de edificio para apartamentos turísticos, na rúa Tinería, número 3 (Expte:2021/Y001/000202).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac2817412709357653583.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-7-2022

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Apróbouse a contratación mediante lotes da subministración -arrendamento sen opción de compra- dun vehículo patrulla con kit de detenidos tipo Suv 5 portas (lote 1) e un vehículo patrulla tipo Suv 5 portas 4X4 sen kit de detidos (lote 2). Apróbaronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto. Exp. Ref. 2022-C004-000013.

- Apróbouse a contratación da prestación de servizos de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitios na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo, e dirixido ás veciñas e veciños das zonas rurais do municipio. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Exp.Ref. 2022/C003/000014.

- Apróbouse a contratación da obra “Mellora da seguridade vial na rúa ‘A’ do Parque Empresarial As Gándaras (Lugo)”; aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp.Ref.2022-C002-000016.

- Apróbouse a contratación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo. Exp. Ref: 2021-C003-00020 e a súa adxudicación.

- Apróbouse a contratación dun servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil “Serra de Outes” do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2022-C003-000001 e a súa adxudicación.

- Apróbouse o contrato administrativo correspondente á contratación do aluguer e mantemento de dez cabinas sanitarias a instalar en zona verdes públicas do Concello de Lugo. Exp. Ref.: 8-2017. Segunda e derradeira prórroga do contrato dende o 23-09-2022 ata o 22-09-2023.

- Apróbouse a contratación da obra “Proxecto de Humanización do Camiño Real (Lugo)”; aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000013.

- Apróbouse a contratación da obra “Proxecto de reurbanización da Praza de Alacante (Lugo)”. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp.Ref. 2022-C002-000014.

- Aprobouse a contratación da obra “Proxecto de reurbanización da rúa da Inspección e tramo de rúa da Agricultura (Lugo)”. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000015.

- Aprobouse a contratación da subministración dun vehículo (furgoneta eléctrica de nova fabricación con cero emisións) para a Brigada de Augas, financiada pola Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Next Generation EU) dentro do programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Programa MOVES III). A. Exp. Ref. 202/C004/000005.

- Aprobáronse as bases técnicos-administrativas que rexerán o procedemento e condicións da concesión do uso privativo dos espazos necesarios na Praza Maior e na praza de Santo Domingo para a instalación de quioscos-latrina. Exp. Ref.: 2022-C005-000014.

- Aprobouse o alugamento de tres vivendas que contan con adaptacións técnicas para ser utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida sitas na rúa Leiras Pulpeiro, número 7 (Casa Domótica) e a adxudicación. Exp. Ref. 2021-C005-000018.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Adoptouse o acordo de fixar a data de remate da obra “Pasarela peonil sobre a N-VI” enmarcada na estratexia Dusi Muramiñae: da Muralla ao Miño.

- Aprobouse a modificación do artigo 6 relativo á composición da Comisión Avaliadora nas Bases reguladoras da concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica que desenvolven a súa actividade no eido da Área de Cohesión e Dinamización Social e para o exercicio económico 2022.

Fóra da orde do día e logo da declaración de urxencia aprobouse o seguinte asunto:

Bases de selección para a contratación de persoal para unha brigada de prevención de incendios forestais nas propiedades municipais da zona rural.

Asinado dixitalmente por don Álvaro Santos Ramos, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana, e segundo suplente do Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.